

**ACORDOS**  
**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**DO DIA 12 DE NOVEMBRO DE 2015**

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12.00 horas, do día doce de novembro de dous mil quince, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

**ASISTENTES:**

***Alcalde:***

D. Antonio Pereiro Liñares

***Concelleiros:***

D<sup>a</sup> Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Manuel Cancela Cancela

***Secretaria:***

D<sup>a</sup>. Ana Beatriz Oveja Villafañe

**ORDE DO DIA**

1. LECTURA E APROBACION DA ACTA ANTERIOR.-
2. ESCRITOS VECIÑOS.-
3. APROBACIÓN FACTURAS.-
4. RENOVACION DE CONTRATO DE MANTEMENTO DO FAX CANON L90 Nº DE SERIEEWA12225.-
5. CERTIFICACION DE OBRAS.-
6. SERVIZOS SOCIAIS.-
7. APROBACION DO PADRON FISCAL DAS TAXAS POLO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA, SANEAMENTO E CANON DE AUGA.-
8. COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS.-
9. REAL DECRETO LEY 10/2015, DE 11 DE SETEMBRO.-
10. INFORMACIÓN DA ALCALDIA.-
11. ROGOS E PREGUNTAS.-

**1. LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.-**

Acordos adoptados:

1. Aprobación da actas da sesión anterior.

**2. ESCRITOS VECIÑOS.-**

1. De M.J.P.C., como delegada de persoal da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ordes, solicitando documentación para poder estudar economicamente a viabilidade dunha mellora das condicións salariais do persoal laboral da Mancomunidade. Visto.

2. De J.A.M.B. solicitando a reposición do camiño que da acceso desde o lugar de Vilaroscuro a altura de Meixoiero parroquia de Castenda.

Acordos adoptados:

- Polos servizos técnicos e policía local se emita informe.
- Dar Audiencia a requerir a don J.A.M.B., dona D.M.B. e a don M.O.G. para que no prazo de dez días, alegue o que estime oportuno.

3. Dona D.G. presenta denuncia

Acordos adoptados:

Que polos servizos técnicos e policía local se emita informe.

4. Don J.M. presenta denuncia

Acordos adoptados:

Que polos servizos técnicos e policía local se emita informe.

### 3. APROBACIÓN FACTURAS.-

NOMBRE TERCERO	LÍQUIDO	FACTURA
JMPK S.L.	9.183,90 €	F/2015/1612
SALCEDO DÍAZ, JOSÉ A. (TODOLIMPO)	1.484,97 €	F/2015/1616
ALMACENES PALLAS S.L.	1.752,81 €	F/2015/1633
ORLOVA DMITRIEVA, LUDMILA	1.331,00 €	F/2015/1634
GARCÍA ROSENDE JOSÉ MANUEL	3.000,00 €	F/2015/1635
<b>TOTAL</b>	<b>16.752,68 €</b>	

### 4. RENOVACION DE CONTRATO DE MANTEMENTO DO FAX CANON L90 Nº DE SERIEEWA12225.-

Acordos adoptados:

1. Renovar o contrato de mantemento da máquina Canon Fax L90 número EWA 12225, por un importe de 197,43€ +IVA.

### 5. CERTIFICACION DE OBRAS.-

Acordos adoptados:

1. Informada favorablemente nos propios termos da súa redacción, a certificación nº 1 y Final do plan DTC 93: UNHA DEPUTACION PARA TODOS OS CONCELLOS, sendo a obra " reparación beirarruas C. Muiño a Ximnasio e Outros", por importe de 52.084,37.-€, emitida polo técnico director don J. C. R.M., sendo adxudicataria Multisuelos Torrdoya, S.L.

### 6. SERVICIOS SOCIAIS.-

Acordos adoptados:

1. Informar favorablemente a petición e que se lle emita a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez para o solicitante, conforme a normativa vixente.

## **7. APROBACION DO PADRON FISCAL DAS TAXAS POLO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA, SANEAMENTO E CANON DE AUGA.-**

Acordos adoptados:

1. Prestarlle a súa aprobación ao padrón fiscal e que se faga a exposición pública do mesmo a través do tablón de edictos e publicación no Boletín Oficial da Provincia.-

## **8. COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS.-**

Acordos adoptados:

1. Autorizar a solicitude de dona D. C. R. polo que pretende peche parcial de finca sita en Carballal - Viladoabade., previa liquidación dos impostos correspondentes que regula a vixente normativa municipal.

## **9. REAL DECRETO LEY 10/2015, DE 11 DE SETEMBRO.-**

A Xunta de goberno Local dase por enterada.

## **10. INFORMACIÓNS DA ALCALDIA.-**

Non se presentan.

## **11. ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formulan.

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia levántase a sesión.